



CIRCULAR INFORMATIVA 17/2025

1. MODELO DE RECURSO CONTRA INADMISIÓN DE DEMANDA POR NON ACREDITAR O CONTIDO DE INTENTO DE NEGOCIACIÓN

A Xunta de Goberno preparou un modelo de recurso contra a posible inadmisión de demandas por non acreditar o contido de intento de negociación (MASC).

Consideramos que o contido da negociación é confidencial e está sometido obrigatoriamente ao segredo profesional, sen que ningunha das partes poida expoñelo. Ante a posibilidade de que os xulgados poidan non ter isto en conta e así causar indefensión ás partes, xa que negociar non implica cesación de dereitos ou o seu recoñecemento, con ánimo de facilitar o labor dos colexiados, achégase un modelo de recurso para presentar ante a posible inadmisión dunha demanda por non acreditar o contido do intento de negociación.

O modelo que se achega **é meramente informativo**, suxeito á adaptación e criterio de cada letrado/a. Cabe ter en conta que o texto deberá ser axustado en función do tipo de recurso que proceda (recurso de reposición ou apelación directa), aínda que a súa fundamentación será a mesma.

Formulario: https://www.icasantiago.org/wp-content/uploads/2025/09/formulario_inadmission_demanda.doc

2. LOTERÍA DE NADAL DO COLEXIO

Na próxima semana poremos á venda a lotería de Nadal do colexio, que manterá o número xogado dos últimos anos: **96175**.

Como novidade, este ano non se farán participacións e venderanse os décimos directamente. Isto é debido principalmente a dous motivos:

1. Por razóns de seguridade. Minimizar o risco de que se realicen duplicados ou copias das participacións.
2. Por razóns de xestión. Na actualidade ningunha entidade bancaria xestiona o pagamento de participacións en caso de que o número resulte premiado. O colexio non podería asumir a xestión de pagamento das participacións no caso de que resultasen premiadas.